

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Deseño do Personaxe
DISCIPLINA	Deseño do personaxe I
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	
CURSO	3º
CRÉDITOS ECTS	4 ECTS
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Escenografía
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Diego González Valeiras
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Diego González Valeiras</p> <p>Horario titorías: https://esadgalicia.com/curso-escolar/</p> <p>Despacho: Departamento Escenografía S2</p> <p>Contacto: dgvaleiras@edu.xunta.gal</p>
DESCRICIÓN	Introducción ao dominio das ferramentas precisas para o recoñecemento e análise dos signos que emiten o corpo, o rostro e o vestido do/da actor/actriz, para a súa adecuación ou modificación en función dos requerimentos do personaxe.
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego x Castelán x Inglés
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.

X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE

EI1	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
EI2	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
EI3	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
EI5	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA

COMPETENCIAS VINCULADAS

1. Adquirir coñecementos da evolución das formas de vestir nos diferentes períodos históricos.	T2, X1, X5, X6, EI2, EI5
2. Diferenciar as funcións sociais do vestiario o longo da historia	T2, T14,, X1, X5, X6, EI2, EI5
3. Coñecer os téxtiles usados para a confección dos traxes.	X5, X6, EI2
4. Estimular a capacidades investigadora do alumno na busca de nova información.	T2, T6, T17, X1, X3, X5, X6, EI1, EI2, EI5
5. Transformar os coñecementos teóricos en prácticos, para así poder usalos en futuras materias de deseño de personaxe.	T2, T3, X3, X5, X6, EI2, EI3
6. Asociar as formas da silueta humana cos traxes estudados.	T2, X5, X6, EI5
7. Coñecer dos complementos usados en cada época.	T2, T6, X5, X6, EI5

4. CONTIDOS

TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. O traballo do figurinista a través do estudo da historia do traxe real e teatral.	<ol style="list-style-type: none"> O papel do figurinista dentro do equipo artístico, a súa relación co actor/actriz. O figurín teatral, o personaxe e o actor: o xesto e o corpo en movemento. O traxe teatral para grupos humanos, representacións corais, sentido e forma. Fundamentos básicos do deseño; forma, cor, textura e composición. Dende os esquemas xeométricos á figuración: construción de collage. Organización, mantemento e orde do vestiario teatral na compañía: a autonomía do actor. 	10 h.

2. A realización do figurín	2.1. Breve estudo da anatomía do corpo humano: proporcións e posturas básicas para o desenvolvemento de figurinos. 2.2. Técnica a desenvolver (collage, técnica mixta, aguadas) 2.3. Entrega final ou "final art"	6 h.
3. Indumentaria na Antigüedad: Exipto, Grecia e Roma.	3.1. Características xerais do traxe prehistórico. 3.2. Características xerais do traxe exipcio: pezas fundamentais e simboloxía. 3.3. Grecia e Roma: drapeados, indumentaria na traxedia e comedia clásica.	6 h.
4. A Idade Media.	4.1. Características xerais: dende Bizancio ata o Gótico. 4.2. Baixa e Alta Idade Media.	3 h.
5. Renacemento e teatro Isabelino.	5.1. Renacemento italiano 5.2. Renacemento inglés e teatro Isabelino 5.3. Renacemento español	6 h.
6. Barroco e Rococó	6.1. O vestiario do Século de Ouro español e o traxe de corte. As Meninas. 6.2. O vestiario dos grandes espectáculos de Corte en Francia. 6.3. O século XVII 6.4. O século XVIII	6 h.
7. Séculos XIX e XX	7.1. O estilo Imperio 7.2. Pre Restauración 7.3. Restauración 7.4. O Neo-Rococó: crinolinas e polisones. 7.5. A Belle Epoque e as primeiras vangardas do século XX. 7.6. Os anos 30 e o Hollywood dourado. 7.7. Anos 40 e 50: antes e despois da II Guerra Mundial 7.8. Anos 60: alta costura e contracultura.	6 h.
8. Traballo creativos relacionados coa moda	8.1. O director de arte; Arte e moda 8.2. Sesión de estilismo 8.3. Editorial de moda	2 h.
TOTAL SESIÓNS		45 h.

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	3	3	6
Exposición maxistral	20	6	26
Exposición práctico-teórica	10	10	20
Práctica individual	2	12	14
Práctica colectiva	4	10	14
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias		6	6
Outros	2		2

Titorías individuais	2	2	4
Titorías de grupo	2	2	4
Actividades de avaliación. Probas		24	24
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras			
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	45 h.	75 h.	120 h.
PORCENTAXE	37,5 %	62,5 %	100 %

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Actividades introductorias	Presentación do docente e do programa da materia. Rexistro das expectativas do alumno en relación á materia. Formulación de dúbidas por parte do alumnado.
Exposición maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos da materia acompañándose de imaxes ou outros medios audiovisuais. Explicación das bases teóricas e técnicas para a realización das actividades e prácticas a realizar na aula ou fóra dela.
Exposición práctico/teórica	Tratarase de realización de exercicios prácticos relacionados co deseño de indumentaria escénica, así como de exercicios orientados a estimular a creatividade no plano das artes plásticas e visuais. Así mesmo o alumno poderá realizar nestas horas practicas e experimentación de técnicas relacionadas coa expresión plástica da súa práctica individual, é dicir co seu tema asignado.
Práctica individual	A cada alumno asignaráselle unha temática e un texto, dramático ou non, sobre o que facer un traballo en dúas fases: unha relacionada coa Historia do traxe e/ou da moda e outra etapa de creación do personaxe a través do deseño de vestuario. Ambas as dúas partes están vinculadas a un mesmo e único traballo.
Práctica colectiva	Análise de imaxes, debates sobre o aspecto sociolóxico da Historia da Indumentaria
Proba escrita	Exame de análise de imaxe e serie de preguntas específicas sobre o temario
Traballos tutelados	Seguimento e orientación, para iso, será necesario un traballo constante na aula e fora dela.
Titorías individuais	Grazas ao asesoramento, a orientación, a resolución de dúbidas e ás correccións pertinentes, o alumnado ira desenvolvendo ou seu traballo cara un resultado final óptimo
Titorías colectivas	A corrección colectiva ten como finalidade ó aprendizaxe completa.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Seguimento da diversidade e da especificidade de cada proxecto.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquiredanzas que xurdan.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

8. 1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Entrega dun traballo de tema individual	T2, T3, X1, X3, X5, X6, EI1, EI2, EI3, EI5	40%
Exposición do traballo na aula, defensa das ideas propias a través da argumentación sobre coñecementos teóricos e sobre o aspecto creativo da súa proposta.	T2, T3, T6, X1, X3, X5,X6	10%
Exame sobre os contidos da historia da indumentaria tipo test	T2, T14,, X1, X5, X6, EI2, EI5	25%
Realización dos exercicios prácticos na aula	EI1, EI2, EI3,EI5	5%
Participación, disciplina a hora de realizar vos traballos, actitude na aula, asistencia, puntualidade, e ou informe de tutoría.	T3, T14, X5, X6	20%

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Entrega dun traballo en forma de proxecto de Deseño de vestuario, que á súa vez deberá incluír unha memoria con datos sobre a época na que está ambientada a súa proposta de deseño.	T2,T3, T14, X1,X5,X6,EE1,EI2, EI3, EI5	70%
Exame sobre os contidos de Hª da Indumentaria tipo test.	T2, T3, T6, X1, X3, X5, EI2	30%

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Entrega dos paneis explicativos asignados ao longo do curso. As partes aprobadas durante os cuadrimestres serán conservados	T2,T3, T14, X1,X5,X6,EI1,EI2, EI3, EI5	20%
Exame teórico sobre historia da indumentaria.	T2, T3, T6, X3, X5, EI2, EI5	80%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

- Cosgrave, B. (2005): *Historia de la moda. Desde Egipto hasta nuestros días*, Barcelona, Ed. Gustavo Gili
- Echarri, M. (2004): *Cuadernos de técnicas escénicas. Vestuario teatral*, Ciudad Real, Ñaque Editora.
- Laver, J. (1997): *Breve historia del traje y de la moda*. Madrid, Ed. Cátedra.
- Racinet, A. (1989): *Historia del vestido*, Madrid, Ed. Libsa.

Referencias complementarias

- Lehnert, G. (2000): Historia de la moda del siglo XX, Colonia, Konemann
- Lunie, A. (1994): El lenguaje de la moda, Barcelona, Editorial Paidós.
- Nadoolman, D. (2003): Diseñadores de vestuario, Barcelona, Editorial Océano.
- Squicciarino, N. (1998): El vestido habla, Madrid, Cátedra
- Toussaint-Samat, M. (2001): Historia técnica y moral del vestido, Madrid, Alianza Editorial.
- Udale, J. (2008): Diseño textil: tejidos y técnicas, Barcelona, Gustavo Gili.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

- Os traballos entregaránse en formato pdf a través de correo electrónico.
 - No caso de avaliación non presencial ou semipresencial o temario non sufrirá modificacións, poderase realizar vía streaming, por videoconferencia ou a través da plataforma Moodle.
 - O sistema de avaliación pasaría a ser o seguinte:
- | Ferramenta/Actividade | Competencias avaliadas | Ponderación |
|---|------------------------|---|
| Proxecto de deseño de vestuario con exposición oral vía videoconferencia | EI2, EI3, EI5 | T2, T3, T6, T14, X1, X3, X5, X6, EE1, 50% |
| Traballo teórico sobre un dos temas da guía a desenvolver e presentar oralmente vía videoconferencia. | | T2, T3, T6, X1, X3, X5, EI2 50% |